



O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao amparo do disposto no regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación derivada da problemática no abastecimento de auga a varios concellos da comarca, puxo en evidencia numerosas eivas no tocante ás condicións -infraestruturais e sanitarias- na que se está a prestar o devandito servizo como tamén no relativo á xestión de situacións que, como a que padecemos hai varios días, obrigaron a adoptar medidas extremas que afectaron á normal prestación do servizo á cidadanía.

En canto á información se refire, O Concello de Ares diferenciouse do resto dos concellos ante o escurantismo practicado durante a problemática, xa que o Alcalde debería trasladar aos Portavoces dos distintos grupos municipais todos e cada un dos datos que se ían coñecendo así como as medidas que se ían tomando, tal e como aconteceu no resto de Concellos.

Por todo, e coa convicción de que é fundamental esclarecer o acontecido ao respecto, o grupo municipal do BNG somete para a toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Pleno da Corporación Municipal de Ares, insta ao Concello de Ferrol/Goberno municipal de Ferrol

1. A establecer os mecaniscos -unificando nunha única as diversas propostas de comisións que se teñen feito- e poñer os recursos precisos, de maneira urxente, para o esclarecemento do acontecido ao respecto da falla de abastecemento de auga potable nos concellos de Ares, Fene, Ferrol, Narón, Mugardos entre os día 16 e 19 xullo, día en que se restableceu o suministro e así:

- a. Poder coñecer de forma veraz a secuencia de feitos, decisións e medidas adoptadas ao respecto para a resolución do problema.

Á Att. do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ares


b. Dirimir as responsabilidades precisas no plano técnico e político; tanto do Concello de Ferrol, titular do suministro; como da Xunta de Galiza como responsable nas funcións de control, inspección e coordinación.

c. Introducir os cambios precisos e implementar as medidas correctoras axeitadas para que, na medida do posíbel, non volva a producirse un episodio como acontecido.

d. Elaborar un plan de actuación ou “protocolo” común para os concellos que dependen do mesmo suministro de auga. De tal maneira que exista unha coordinación total e conxunta para dar solución no menor tempo posíbel a esta e a outras situacións que se poidan producir no futuro.

2. A efectuar unha convocatoria da Mancomunidade co fin de abrir un debate ao respecto da xestión da auga nos concellos, partindo da idea de mancomunar o devandito servizo; como xeito de garantir tanto as disfuncións que se producen na xestión do mesmo (prezos, medios..) como tamén unha actuación coordinada e uniforme en casos como o que acaba de acontecer.

Ares, 03 de Agosto de 2015



Emilio Mesas Fariás
Concelleiro-Portavoz do Concello de Ares

Á Att. do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ares